

A tonadilla escénica

10 de xuño ás 13:00 h

PROGRAMA

Charla previa a representación:

A tonadilla escénica e o movemento ilustrado

- Javier Gándara Feijóo, investigador predoutoral de Música na USC
- Montserrat Capelán, profesora da USC

Representación de Los gustos estragados

- Melchor López (música)
- Tomás de Iriarte (texto)
- Esperanza Mara, soprano
- Aída López Carrera, soprano
- David Montoto Pinto, barítono
- Miguel Vizoso, piano

- Montserrat Capelán e Cristina Domínguez, dirección de escea
- Carlos Alonso, escenógrafo
- Joám Trillo, rescate e edición da partitura
- Javier Gándara Feijóo, investigación histórica
- Centro Dramático Galego, vestuario e arezzo.

Los gustos estragados, tonadilla escénica de Melchor López e Tomás de Iriarte

As tonadillas escénicas eran representacións breves cantadas que se facían nos intermedios das comedias. Xurdidas na segunda metade do século XVIII, chegaron a ser moi populares en todo o mundo hispánico, e na actualidade consérvanse máis de 2.000 en Madrid e noutras cidades españolas e americanas. A pesar de que sabemos que en Galicia se facían tonadillas escénicas de maneira habitual, soamente se conserva unha composta en Galicia en 1799: *Los gustos estragados*, con música do mestre de capela da catedral de Santiago Melchor López e letra do escritor e intelectual español Tomás de Iriarte. Se ben as tonadillas adoitaban facerse nos teatros, esta obra compúxose para ser representada como teatro “doméstico”, o que explica que, en vez de estar escrita para voces e orquestra, como era habitual, Melchor López a compuxese para tres voces e fortepiano. O máis probable é que o autor crease esta obra para interpretala na súa propia

casa do seminario, situado no Pazo de Raxoi e onde, segundo indican fontes de 1799, o mestre facía “academias” harmónicas, é dicir, concertos domésticos, que el mesmo dirixía.

O rescate e a interpretación desta composición son de vital importancia, non só por ser a única tonadilla escénica conservada, senón por ser composta tomando en conta os elementos da reforma ilustrada que se estaba levando a cabo na época. Dentro das reformas levadas a cabo por Carlos III primeiro e Carlos IV despois, fíxose un longo proceso de intento de Reforma do Teatro no mundo hispano, que culminaría cun documento publicado en 1799. *Los gustos estragados*, cumpre os requisitos que os ilustrados procuraban (unidade de acción, tempo e lugar) e foi composta o mesmo ano no que se publica o documento. Isto mostra non só que en Galicia coñecíanse as últimas novidades, senón que tamén era un centro pioneiro nelas.



Esperanza Mara,
soprano

Nada en Noia en 1989, é dobremente licenciada en Música, nas variantes de canto e de violonchelo barroco, e posúe un mestrado en Interpretación en Música Antiga, na especialidade de canto, e outro en Investigación Musical, cunha investigación sobre arrolos de tradición oral. Como soprano actuou en teatros e salas nacionais e internacionais e acadou diferentes recoñecementos en certames e festivais de prestixio (Círculo Bach de Madrid, Festival de Música Antiga de Xixón, Premios David Russell, festivais de Bremen, Gemunden, San Roque...). Actualmente combina o seu labor docente no Conservatorio de Música Profesional de Santiago coa carreira artística e co seu proxecto persoal de xestión cultural EmanARte.

Aida López Carrera,
soprano

Licenciada en Canto e Dirección Coral polo Instituto Superior de Arte de La Habana, desde o ano 2007 é profesora de Canto, Música de Cámara e Coro do Conservatorio de Música Profesional de Santiago. Destacou como solista de oratorio interpretando Messiah (Händel), Requiem (Fauré), Membra Jesu nostri (Buxtehude), Le Roi David (Honegger), Petite messe solennelle (Rossini), Gloria RV 589 (Vivaldi), Requiem (Brahms) etc. Forma parte da Capela de Música da Catedral de Santiago, do Orfeón Terra a Nosa e do coro Vox Stellae.

David Montoto Pintos,
barítono

Nado en Santiago en 1999, estudou o grao profesional de Piano no Conservatorio de Música Profesional de Santiago de Compostela co profesor Miguel Vizoso. Actualmente, estuda o 6º curso do grao profesional de Canto coa profesora Aida López e o último curso dos graos en Química e en Bioloxía na USC. É cantor e organista na parroquia de San Xosé do Milladoiro.

Miguel Vizoso,
piano

Titulado Superior de Piano polo CSM de Barcelona (Mención de Honra Extraordinaria) co Catedrático Miquel Farré. Bécacío A Deputación de A Coruña para realizar un Postgrado co mestre Iván Cítera complementado cos pianistas Josep Colom e Andrzej Jasinski. É Máster en "Creación e Interpretación Musical" pola URJC. Compaxina a súa faceta artística coa de pianista de canto e frauta no CMUS de Santiago e como Vicepresidente da Asociación Española de Pianistas repertoristas.

Carlos Alonso,
espazo escénico

Escenógrafo, figurinista e activista teatral de formación autodidacta, traballa coas principais compañías e os máis importantes directores e directoras do panorama teatral galego. Colaborou en máis dun cento de espectáculos profesionais e recibiu once veces o Premio María Casares na modalidade de escenografía e vestuario.

COLABORAN

